



## ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **Domingo día 19 de Abril de 2020** vía telemática para trataren a seguinte

### ORDE DO DÍA

1. Informe do Presidente.
2. Pesca Federada e COVID-19.
3. Varios.

O Presidente abre a xuntanza ás 10:00 horas do día sinalado no encabezamento.

#### 1.- Informe do Presidente.

O Presidente informa aos membros da xunta directiva sobre a actual situación da Pesca en Galicia como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Para o desenvolvemento do seu calendario deportivo, a FGPeC está a expensas das decisións que vaian tomando tódolos organismos superiores, e non pode arriscarse á posibilidade de contaxios nas súas competicións.

Os informes da Organización Mundial da Saúde e da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, ademais das autoridades Nacionais e Autonómicas rexerán o futuro das competicións 2020.

O Presidente informa do compromiso por parte da Consellería de Medio Ambiente a considerar a Pesca como unha actividade individual, e terá isto presente no momento de estudar a posibilidade da apertura da tempada 2020.

#### 2.- Pesca Federada e COVID-19.

Despois da valoración e debate por parte da Directiva das actuáis circunstancias e disposicións emanadas das autoridades competentes, esta acorda por unanimidade:

**Primeiro.-** Suspende o calendario de competicións de Salmónidos 2020, tanto de Mosca coma de Lance, xa que tamén está case seguro que serán suspendidas as competicións Nacionais, e manter para o ano 2021 as clasificacións acadadas

polos deportistas para o 2020.

**Segundo.-** Suspende o campionato Open Presidente 2020.

**Terceiro.-** Renunciar ao Convenio 2020 asinado coa Consellería de Medio Ambiente e solicitar que adiquen o seu importe a outros fins máis “urxentes” como poden ser a Sanidade ou as Medidas Sociais.

**Cuarto.-** Manter a posibilidade de desenvolver as probas de Auga Doce clasificatorias para a Copa Deputación de Ourense, tomando a decisión firme segundo se vaian desenvolvendo os acontecementos. Outro tanto no relativo á competición de Mar-Costa Veteranos, clasificatoria para o Nacional da especialidade 2021, para o seu posible desenvolvemento no mes de Outubro.

**Quinto.-** Propoñer á Administración competente que, sexa cal sexa a data da posible apertura da veda 2020, manteña as datas de remate da tempada de Pesca Fluvial segundo o publicado da Orde Anual de

**D. Manuel Mouzo Méndez**

*Presidente*

**D. Jose Ramón Castro Varela**

*Delegado A Coruña*

**D. Javier Méndez Alonso**

*Pte. Comité Salmónidos*

**D. Manuel Rodríguez Meira**

*Presidente de Xuíces*

**D. Gabriel Fernández Vázquez**

*Delegado Ourense*

*Delegado Pontevedra*

**D. Pedro Bolaño Pérez**

*Pte. Comité Mar Costa/Corcheo e Spinning*

*Pte. Comité Auga Doce*

**D. Oscar Ramos Vazquez**

*Pte. Comité Black-Bass*

**D. Juan Manuel Castro Fuentes**

*Secretario*



Vedas 2020; estudando asemade a posible prórroga da Pesca sen Morte ata o 15/30 de Outubro nos coutos e tramos libres de Pesca sen Morte.

**Sexto.-** Suspenden as competicións de Embarcación Fondeada e Corcheo Mar 2020. No primeiro caso por non poder manterse as previsibles medidas de seguridade (distancia entre deportistas). No segundo caso debido á singularidade dos escenarios. Nestes derradeiros anos o trato que nos dispensaron os distintos mandos militares nas competicións que desenvolvemos nos seus peiraos foi exquisito. Entendemos que nestas circunstancias sanitarias non procede solicitarlles autorización para o acceso a estes espazos.

**Séptimo.-** Entre os meses de Setembro e Outubro (sempre que a situación o permita):

- Facer un Campionato benéfico de Mar-Costa e outro de Salmónidos, non clasificatorios, coa finalidade de recadar alimentos para seren doados a Organizacións Benéficas.
- Manter para estas datas as xornadas técnicas que estaban previstas no calendario deportivo da FGPeC.

### 3.- Varios.

Gabriel Fernández pregunta pola postura da FEPyC nesta situación sanitaria.

O Presidente informa que a FEPyC mantén as súas actividades suspendidas. E o Consello Superior de Deportes inda non dou luz verde, de momento, á actividade deportiva. Circunstancia lóxica ao estaremos aínda sometidos ao Estado de Alarma.

Oscar Ramos considera que se deben manter as datas das competicións de Ciprínidos Lance, quedando pendentes de nova valoración segundo a evolución das restricións.

Jose Ramón Castro suxire a opción de proponden a Administración que conserve os resultados dos sorteos dos coutos de pesca fluvial deste 2020 para o vindeiro 2021, dada da dificultade para acadar un bo número no sorteo e a inxustiza que significou a actual situación coa perda dos coutos escollidos nos distintos sorteos.

O Presidente comprométese a transmitir esta proposta á Consellería de Medio Ambiente, incidindo no necesario respecto a lexislación aplicable a estes sorteos.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 10:40h.

Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario



Vº e Prace:

Manuel Mouzo Méndez  
Presidente